

SOTO, Luís G.: *Teoría de la justicia e idea del Derecho en Aristóteles*, (prólogo de Liborio L. Hierro), Marcial Pons, Madrid-Barcelona-Buenos Aires, 2011, 477p.

Tratamos aquí dun traballo que ten a súa orixe nunha longa investigación (levada a feito ao longo de bastantes anos, segundo noticia L. Hierro no “prólogo”, e tamén recorda o autor na “introducción”), e por conseguinte dun texto elaborado con profundidade, rigorosidade e seguindo unha metodoloxía sistemática. O extenso estudo refírese a Aristóteles, e como o título indica, ao concepto da xustiza e á noción do Dereito neste filósofo. O método está tomado do semiólogo francés Roland Barthes (tema da tese de Luís G. Soto, realizada a mediados dos 80 do pasado século).

O esqueleto da obra está constituído por catro elementos: unha selección de textos, unha análise e interpretación dos mesmos, os resultados do anterior e conclusións. A isto agrégaselle un epílogo e máis un anexo no que se aborda o sistema e xustiza tributarios en Aristóteles.

Pártese dunha introdución na que se amosan os antecedentes e conformación do libro, explicitando o método empregado que, como dicíamos, é o do posestruturalismo de Barthes revisado. Isto supón que se vai prescindir da voz ou autoridade de Aristóteles, limitándose aos textos (do grego orixinal), buscando neles as mencións, tematizacións e sistematizacións da xustiza e o Dereito, para logo extraer e organizar a información das mesmas e avaliala desde unha perspectiva contemporánea. Tras isto, Soto ofrécenos un amplo retrato da vida do pensador heleno apoiado en varios estudos precisamente reseñados, e un repaso das súas obras, o denominado *corpus* aristotélico.

O miolo da investigación está constituído pola análise e interpretación de catro obras aristotélicas: *Retórica*, *Constitución de Atenas*, *Política* e *Ética Nicomáquea*. Respecto á primeira destas obras, a *Retórica*, resulta interesante a descrición do papel que xoga a lei como reguladora da actividade retórica e na definición do que é xusto. Neste caso, trátase dunha definición por acotación que non esgota o seu sentido, pois para Aristóteles a determinación última do que é xusto corresponde aos órganos deliberativos e xudiciais, en especial á asemblea e aos tribunais. Deste xeito, amósase como é a democracia, o réxime desde o que e para o que el fala. A partir de aquí resultan fundamentais varias afirmacións como que a república tratada por Aristóteles é unha democracia, que a aristocracia se reduce a unha

---

Recibido: 03/07/2012. Aceptado: 22/11/2012.

hipótese, que a monarquía resulta desbotable, e que, en consecuencia, o mellor réxime é algunha forma de democracia. Neste mesmo libro o estaxirita introduce unha fecunda e problemática distinción entre lei particular e lei común, que leva a que nomee como “Dereito moral” o que se adoita denominar “Dereito natural”. A análise da *Retórica* conclúe cunha valoración da voluntariedade, causalidade e imputabilidade das accións do suxeito, ao fío das coxunturas e ocasións nas que se comete inxustiza.

Soto inicia a análise da *Constitución de Atenas* defendendo, de forma argumentada e con base documental e textual, a súa autenticidade. Pasa logo a detallar as bases xurídicas da democracia ateniense, explicando o *ius sanguinis*, os procedementos de participación, o aparato estatal, os procesos xudiciais, a elección de xuíces e a celebración de xuízos. Da man de Aristóteles, pormenoriza diversos aspectos do Dereito positivo, tales como o Dereito político e xunto a el o constitucional, penal, civil, tributario, mercantil, procesal... visibilizando como se relacionan e artellan entre si conformando un ordenamento xurídico real. Por outra banda, é tamén destacable a relación detectada entre xustiza tributaria e xustiza social, en tanto que a primeira se nutre, fundamentalmente, dos principios xerais de proporcionalidade e auto-imposición, mentres que a segunda conta con dous eixos: a diminución, ata a erradicación, da pobreza, e a extensión, ata a xeneralización, da educación.

Polo que se refire á análise e interpretación da *Política*, desenvólvese unha brillante elucidación de como a virtude da xustiza permanece en estado virtual mentres non se desenvolvan a xustiza-norma e a xustiza-aparato, aínda que para que así ocorra, estas precisan tamén de aquela. Constitúe, pois, unha dependencia recíproca, propia da sociedade política e do estado de Dereito, isto é, dun sistema ético-xurídico-político, no que as tres esferas están diferenciadas e ao tempo vinculadas entre si. No que atinxe á cidadanía, resulta salientable a problematización que realiza Soto das argumentacións aristotélicas en torno á escravitude e ás mulleres, sacando á luz interesantes paradoxos no pensamento deste filósofo en relación ás mulleres, posto que estas, a diferenza dos escravos, non teñen a posibilidade de emanciparse, nin de recibir unha educación que poida despegalas da súa imperfección. Atrévase Soto a ser irónico con Aristóteles, ao comentar que realmente debe valorar moito ás mulleres, xa que sen educación e sen posibilidade de exercer a cidadanía, son consideradas capaces —con todas as súas imperfeccións— de chegar á amizade virtuosa.

Nesta mesma obra, e no relativo aos réximes de goberno, a análise-interpretación microscópica descubre unha preferencia do pensador grego pola democracia, en particular pola democracia ateniense, que abrangue a

todas as clases sociais. A preocupación de Aristóteles céntrase na adecuada conxugación, que se pode atopar nas mellores democracias, do principio de legalidade, xunto coa vontade popular e a regra da maioría, e o respecto polas minorías. Para el, a democracia é un produto histórico, resultado do desenvolvemento político e ético dunha colectividade e uns individuos; da autoconsciencia e da autodeterminación dun suxeito colectivo e moitos individuais. Tamén hai que subliñar o exhaustivo estudo da xustiza política, a material e a formal, a xustiza como beneficencia e benevolencia, a coexistencia dos principios da soberanía da masa e o imperio da lei. Este último fundaméntase na racionalidade ordenadora das leis e ten como consecuencia a imparcialidade. Así pois, masa e leis limítanse e complementáanse de forma recíproca.

Finalmente, na análise da *Ética Nicomáquea* indícase que esta obra coincide coas outras tres na noción do Dereito como un sistema aberto: o ordenamento xurídico tende á autoregulación, pero resulta permeable á ética e á política. Ademais, na xustiza, o Dereito (a lei, o xuízo) representa o punto de fuga. A xustiza aparece moi desligada do Dereito positivo, aínda que non moi lonxe da teoría do dereito. Distanciándose da tradición interpretativa, a lectura directa deste texto aristotélico de carácter ético pon de manifesto que o tratamento da xustiza, e a diferenza das outras tres obras, se realiza desde un nivel de abstracción e xeneralidade que descoida o empírico e concreto.

Con este rexistro sumario, e moi resumido, dalgúns dos temas tratados, non se esgota a profusión de asuntos, matices e argumentos, que, directa ou indirectamente, toca Luís García Soto. Condensando moito, conclúese que nas catro obras aristotélicas analizadas se desenvolve unha teoría ou visión da xustiza e unha imaxe do Dereito, ou o que é o mesmo, unha filosofía xurídica. En segundo lugar, amósase que a teoría aristotélica da xustiza é como unha visión de conxunto na que se contemplan diversos elementos ordenados e organizados: a xustiza como virtude, como canon e como institución; a interrelación destes tres elementos radica en que en tanto que canon a xustiza remite ao Dereito (o canon por excelencia é a lei); como institución a xustiza é o Dereito (sobre todo no seu aspecto xudicial, sendo os tribunais a institución por antonomasia); e como institución (xudicatura) a xustiza atópase imbricada coa lexislación e co aparato estatal. En terceiro lugar, Aristóteles ofrece unha idea (imaxe ou vista singular, pero non visión propia) do Dereito, en tanto que nel non chega a facerse autónomo o Dereito nin como obxecto nin como ciencia, a diferenza do que ocorre coa política e a ética. Para el, o Dereito forma parte da política.

Ata aquí, pois, esta relectura ou revisión de Aristóteles desde si propio (prescindindo de interpretacións establecidas ao logo da historia do pensamento), cun enfoque filosófico e xurídico en e para o século XXI, que pode ser fértil conceptualmente e operativo a nivel institucional, como G. Soto se preocupa de traslucir. A súa investigación amosa a viabilidade, en certa medida, do pensamento aristotélico, en orde a un repensamento pragmático da redemocratización pendente das nosas sociedades avanzadas en unión, imprescindible, co imperio da lei.

África López Souto